

O galego que non fala
na lingua da súa terra,
non sabe o que ten de seu
nin é merecente d'ela.

A NOSA TERRA

Ceo branco de luar,
ceo azul do mediodía,
son dous anacos de ceo
a bandeira de Galicia.

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Xaneiro 1931

Núm. 279

AO DECORREL-OS DIAS

Cando nos dispoñemos a escribir este número pesa riba de nós a nova censura. Pouco respiro tivemos. Non correspondéndonos a nós saber o tempo que esta nova situación vai durar compre limitarse a seguir en contaito cos nosos lectores anque sexa do xeito mediatizado a que nos obrigan as circunstancias.

Supoñemos que pasados os motivos que obrigan ao novo exercicio da censura voltaremos novamente a gozar da liberdade d'escribir, bastante limitada, de que viñamos usando antes d'acontecer o movemento revolucionario. Namentras non queda outro remedio que soportar o novo estado de sometimento. E sendo así non podemos enxuiar libremente, como facemos sempre n'esta páxina, a actualidade política que teña relación co noso credo e co-as arelas de Galicia.

Limitarémonos somentes a lembrar aos nosos lectores e irmáns que os problemas que Galicia ten pranteados n'este momento continúan na mesma situación de fai un mes. Deixemos que renaza a calma e no seu día enfiaremos co noso criterio galeguista o decurso das cousas que nos intresen. E lembrar tamén que pase o que pase e vaian as cousas por onde vaian a nosa primordial preocupación debe ser a de sempre: Galicia e os seus problemas.

A NOSA TERRA ao entrar n'un novo ano desexa para Galicia e para os seus lectores e irmáns infindas benandanzas.

O deber é berrar

Achámonos n-un instante en qu'a atención inteira non samente de todol-os nacionalistas, senón de todol-os galegos dinos d'ise nome, debe estar ausoluta e escrusivamente fixada nos problemas da nosa Terra, e por riba de todo, no problema fundamental, no problema da súa personalidade política, económica e cultural.

Insisto en que seían calesqueira os acontecementos que por agora nos poidan distraer, e por moito que poidera ser o seu volume, ou sinxelamente o barullo qu'armen, é criminal, no instante en que nos achamos, calquera distracción do fito primordial que toda concencia galega desperta se debe propor enantes de nada na orde política. E un instante no que compre, de toda necesidade qu'a voz de Galiza, d'un xeito ou d'outro, s'erga de tal maneira que s'ouia, adentro e afora, dend'o mais

pequeno e recuado recanto do noso territorio, ond'endejamais s'houbera ouvido falar de galeguismo, ata aló nas outuras do poder que n's domina. Compre qu'o verdadeiro acento da Terra sone en toda Galiza e sone en toda Hespaña.

Din que vai haber eleccións. Eu non digo que Galiza vaia ganar esas eleccións adentro do seu propio ámbito geográfico. E posíbele que chegara a haber, como solen dicir, algunha sorpresa: que Galiza chegara a levar ás Cortes algún representante que poidera chamar verdadeiramente seu. E se cadra mais doado que coma de cote, Galiza fiquese a súa representación no Parlamento.

Seña o que queira, eu afirmo que o ganar unhas eleccións, o levar representantes verdadeiros ao Parlamento, non é o úneco modo de qu'un país faga ouvir a súa voz. Hai moitos

mais medios, moitos d'iles mais eficaces qu'o falar no Parlamento

Unha campaña electoral é de cote unha boa ocasión pra remexer na concencia d'un pobo e faguer n-ela unha fonda e forte revulsión. A propaganda, nos tempos de calma, endejamais leva a quentura que sole levar nos períodos eleitorais. Por iso compre aproveitalos pra sementeira da verdade, da úneca verdade que pode salvar a Galiza: o programa nacionalista.

Toda propaganda que se non faga coa base do programa nacionalista, ha ser estéril pra Galiza, e proveitosa pra o centralismo ao que se deben todol-os nosos males. Os galegos, senon queren seguir sendo cidadáns da terceira clase do Estado Hespañol, non deben prestar ouvidos a ningunha propaganda que non comence invocando a personalidade e a autonomía da Galicia.

Compre que d'esta vez non quede un galego sen coñecer o mais a fondo posíbele o noso programa.

RG 106/1

Coma de cote, temos enfrente toda a Galiza oficial; temos enfrente o bugallalismo e os exditadores da Unión Monárquica Nacional; temos enfrente todol-os demais partidos hespañoes, embora estean repersentados por galegos.

En troques, nós, ja non somos somentes os de sempre. Fora dos cadros do nacionalismo, hai já unha tendenza regionalista, galeguista,

repersentada en pirmeiro termo pol-os que firmaron a decraración de Barrantes. Compre que todos, uns e outros, ajuntemol-os nosos esforzos, e os de todol-os galegos que se sin-in lepedentes de todal-as suxestiós alleas, pra faguermos qu'a voz de Galiza se faga escoitar n-unha campaña com'outro non se teña visto na nosa Terra.

VICENTE RISCO

VERVAS Ô POBO

A suxestión do mando

Diante de nós, amigos, a ideia marcha. Galicia quer que a deixen vivir os seus destiños. Arela liberdade pra sí, pra orgaizar autonomamente a sua vida.

Escontra da nosa ideia, temos a cantos vexetan na sombra xugosa e morna do manzanillo centralista. Eles endexamáis terán prás nosas inquedanzas un xesto de comprensión. Andarán sempre a nos por pedras no camiño; sempre, deica o día en que o manzanillo seque, y-en troques, frolezca o arbore gro rioso da autonomía rexional, pra cobixar baixo a frouma das suas ponlas amorosas todal-as nobres cobizas emancipadoras da Terra.

Prô, ademais das oposicións craras e descontadas, temos de vencer ainda unha de tipo psicolóxico e colectivo: a suxestión do mando.

En xeneral a xente, culta ou non, ten d-abondo aguzado o instinto pra refusar o mal e non se resiñar permanentemente a inxustiza. No fondo ben sabe quen meresce soilo a sua carraxe e o seu noxo, anque se garde canto poida de lle amostrar estes sentimentos.

Mais o pobo está co poder. Deixase gañar a vountade pol-a suxestión do mando. Vai con Don Fulano, sirxelamente porque o vé no poleiro. Por iso os caciques ainda cando perderon todo valimento nas outuras, tratan de finxir que o teñen. O caso é facerlles crér a xente que non hai quen lle poña o pé arriba. Os caciques, ¡ora esa!, cofecen ben con que bois labran.

Compren-os, pois, os loitadores, os que tratamos d-erguer unha Galicia ceibe, encol das ruiñas da vella Galicia serva, a minsión de tirar ô pobo d-aquel espellismo enganador en que ainda vive enfeitizado. El está co poder, sen decatarse de que o poder está n-él. Está co poder, hastr-a cando este dexenere en arbitrariade y-en treición, coma se fora unha forza sobrenatural, contra a que somete cabe que se poñan os tolos.

Temos de acabar con ese «senso reverencial» do mando. Ao pobo ten de revelarselle, alumeando a escuridade calculadora das concencias, que ningunha representación nin poder políteco e alleos a vountade colectiva, poden eistir lexítimamente. E que se alguen os usurpa, non é porque unha forza fatal o asista, senon por que os demais lle deixan.

V. PAZ - ANDRADE

Do momento

Non podo eu negar a evidencia de que os nazonalistas galegos temos que nos preocupar principalmente do noso problema, do preito galego dentro do Estado hespañol. Nos derradeiros números de A NOSA TERRA ao definirme eu decididamente como nacionalista republicano, parécame teño exposto con crarida-

de o porqué e as razóns que ao meu xuicio existen para que non poidamos ter esperanza en que as nosas aspiracións, que son as necesidades de Galicia, atopen solución dentro do réxime actual. Teríase este que trocare moito e non parece viabre que así suceda.

Non pode, ao meu entender, apa-

rentarse unha aitude de indiferencia para as cousas políticas que suceden mais aló dos lindeiros de Galicia. Están tan intimamente ligadas co'as nosas e dependen, â forza, anque nós non queiramos, tanto as orentacións e os feitos políticos galegos das orentacións e feitos políticos de fora que a realidade obríganos a supeditarnos ao seu imperativo categórico. O mesmo para o ben que para o mal. Agora mesmo ollamos que alleos nós âs cousas que acaban de suceder en Hespaña temos que soportar as medidas gubernativas, censura, estado de Guerra e demás que adoptou o autual mandatario do Estado

¿Pódese aparentar indiferencia ante esta realidade que merma e castra a nosa libre propaganda? Non. Pois do mesmo xeito non podemos ollar con indiferencia o demás.

Hai que o decir con craridade. Pol-a nosa conta non resolveremos o noso preito. Poidera ser que ao longo dos anos, cincuenta, cen ou doscentos, chegáramos a conquistar en Galicia unha plena concencia de seu. Mais non é d-abondo. A nosa obriga e precipitar pol-os medios que sexa a solución. O caso de Cataluña é un exemplo vivo. Un pobo con concencia propia, definida e latente, non poido conquistar dentro do autual Estado nin o máis pequeno réxime autonómico. Unha conceción, a Mancomunidade, foi feita desaparecer por unha situación política hespañola que en preno século XX e cando mais vivas están as realidades rexionaes hispánicas, pretenden retrotaernos un século.

Por outra parte e ainda conquerindo na actualidade o réxime de autonomía necesario parécame unha obriga nosa facer o posibre porque Galicia figure dentro d'un Estado moderno, xusto e europeo. E hoxe non é así nin penso que chegue a ser si as cousas se non trocan moito.

Temos que seguir traballando sempre con tenacidade pol-a divulgación do noso programa. Cada día máis. Pero se non pode negar que as nosas campañas teñen que ficar sometidas âs impedimentas do estado dentro do que vivimos. E así non é posibre autuar con toda a eficacia necesaria.

Pol-o mesmo eu sigo pensando, pesi a todo, que o nacionalismo galego ademais de autuar pol-a súa conta no conquerimento de concencias galegas tén o deber de aspirar a que sexa instaurado un Estado hespañol que deia cabida âs aspiracións de Galicia, a un Estado que esteña disposto a conceder â nosa terra o réxime autonómico que precisa como medio para despóis desenrolar a totalidade do noso idearium.

VICTOR CASAS

Xosé Lesta Meis

A gravísima doenza que viña padecendo fai tempo o noso querido irmán Lesta Meis tivo funesto desenlace o 22 do pasado Nadal.

A natureza realmente extraordinaria do noso irmán soportou até o imposible, con unha heroicidade asombrosa, aquela doenza que dende fai anos viña minando o seu organismo. Quenes conviviamos a cotío con él sabemos como o pobre Lesta levou con estoicismo inimitable que a veces levouno incurso a facer mofa d'ela en letras de molde, a enfermidade que indefectiblemente tiña que levarlo á cova. Poucos días antes da súa morte departía alegremente connosco os sucesos políticos e manifestaba o seu sano entusiasmo respecto ao porvir de Galicia.

Como home Lesta Meis foi un caso como non é posible se deían moitos. Trato afable e bondadoso, en todo momento salíalle aos beizos o seu corazón xeneroso que latexou sempre ao compás de toda as boas causas. Sabemos feitos d'él que o revelan como un home de grandes rasgos humanitarios e altruistas, sempre revestidos d'unha enorme modestia. A súa vida foi unha continua loita e gracias á súa férrea vontade e recta trayectoria abriuse camiño chegando, na hora da súa morte, a unha situación honrada e modesta, que faría d'él un home feliz dentro do medio en que viña desenrolando a súa vida.

Nado en Eirís, lugar rural das cercanías da Cruña, e fillo de familia labradora, emigróu aínda neno a Cuba e foi aló onde adeprendeu a ler e escribir pol-o seu propio esforzo, ourentando a súa vida d'un xeito digno de admiración.

Volto a Galicia xa co'a doenza que paseniamente foino matando comenzou a darse a coñecer no aspecto literario con colaboracións en diversos xornaes de Galicia e América. No ano 1926 publicou a súa primeira novela curta «Maneche o da rúa» na colección Lar, e no 27 a novela grande «Estebo», tan ben acollida pol-a crítica e pol-o público. As dúas novelas (son autobiográficas e pol-a súa lectura vese o que foi a vida do pobre Lesta. Fai aínda uns meses deu á publicidade «Abellas de Ouro» cuxa crítica aínda non rematou pois coincide co'a morte do autor a chegada da prensa galega de América que gaba como e debido a obra póstuma do chorado irmán.

Lesta non era un gran literato de grandes vós, pero tiña unha personalidade destacada e simpática pol-a sencillez da súa pruma e pol-os asuntos que tratou no seus libros sempre encamiñados a cantar as virtudes e sufrimentos do agro gallego. «Abe-

de Ouro» é n'este aspecto unha obra que perderá na literatura gallega.

Como galego levaba chantado no corazón o puro e santo amor a Galicia e na alma a visión d'unha patria libre. Un bó e xeneroso, un nacionalista entusiasta e convencido.

Ainda tendo por inevitabile e pronta dendes fai algún tempo, a morte de Lesta Meis, a súa desaparición deixanos abraizados n'un fondo sentimento de dôr. Queríamol-o entrañablemente por todas as súas virtudes e porque con él convivimos moito e comulgábase no mesmo pensamento.

Choramos con verdadeira emoción a súa morte e arelamos que a terra onde nasceu e amou tanto acoche en

paz o corpo do querido e inesquecible irmán.

Por disposición do mesmo Lesta o seu cadavre foi soterrado no cemiterio de Oza, perto de Eirís, lugar do seu nacemento. Ao aito do enterramento concurriron numerosos amigos e irmáns.

A caixa foi cuberta co'a bandeira galega da Irmandade, e no momento de dar sepultura ao cadavre, o irmán Lugal Freire pronunciou unhas sentidas e axeitadas verbas de lembranza ao irmán desaparecido.

Na Irmandade recibíronse varios telegramas de pésame que se fixeron chegar a poder da familia.

Amor

¡Amor da Terra! sempre vivirás firme e forte
no meu peito namentras que non me leve a morte;
meu único luceiro que nas noites de dôr
quencerás o meu corpo con lóstregos de amor.
Roseira milagrosa do meu querer profundo
que enche cos seus arumes os ámbitos do mundo
nasce en nidias azules como o primeiro amor;
é unha ardencia sin lume, é un recendo sin fror.
El mantén a esperanza do galego exilado;
él é fonte de bágoas que lavan o pecado;
salvando as nosas almas él nos fai retornar
a cumprir co'as obrigas do noso santo lar.
¡Amor da Terra! sempre viviras firme forte;
mentras a Celtia viva non temeral-a morte.

MANUEL LUGRIS FREIRE

O fito d'un camiñar

Co erguemento contra os franceses remata na Galicia igual que'n toda España o século dazaioito. En poucos meses o pobo noso, ceibe sin faguer caso dos xenerales á *Federica*, bota fora ós franceses. Aínda non é moito. Mais ben mirado hai d'abondo: a nosa foi a primeira rexión ceibada de invasores

Fernando restaurado. A enerxía galega dá grandes señores de pazo, cazadores de lobos e conspiradores e bandidos. Baixo o sosego de por riba unha sementeira d'ideas d'Europa. Logo a guerra dos sete anos. Os calristas galegos cairán no grande erro de non defender un programa foral. Mais hai unha mocidade e o erguemento do 45 significa algo su-

perior a unha coartelada. Nas descargas do Carral caíuse románticamente, liberalmente coma Ney no muro do Observatorio de París, tamen un pouco patrióticamente coma na Polonia. E Antolín Faraldo e Romero Ortiz dende o seu probe coarto da rua da Palha no Porto tiñan saudades de patera mais que do partido.

Despoixa, tertulias de botica, a acreditada chuvia provincial, os labregos estranos á cibdade Ouvia se dicir ao pasar diante da tenda d'un liberal: «Falou Madoz je falou ben, centella!» «Na horta, baixo o parral do náparo un coengo lía «La Fe a unha tertulia respeitosa. ¿E que l'importaban a Galiza D. Pascoal e

mail'a «Fe»? O mesmo que Topete e que Amadeo de Saboya o 11 de Entroido e Sagunto.

Había algo novo. Unha Poesía. Doorosa, coroada por todas as rosas outonizas do remordimento e da desespranza. Endexamais se chorou tan fermosamente. Mais no velo das bagoas botaba un arco da vella un solciño ledo d'espranza Había unha poesía, unha língoa, ergo un pobo.

Hoxe superadal'as bagoas, ninguen dubida do pobo. Il agarda, e confía Non hai que faguelo aturar moito tempo a lediza d'ollar a Terra de redención. Poidera axionllarse ós pés dos ídolos falseiros. Soilo falla un paso, un movemento guiador das minorías, unha loita en todo'los frentes tan fermosa coma se non poida soñar Si ninguen dubida na loita, indo a ela c'un sorrir de alegría, e ca devoción redentora do sacrificio aisiña na comagandra de Melide, no lombo do Faro, no vixía Sta. Tecla e nas farpas pizarrentas dos Aguillóns de Cariño, cantarán o vento celta na harpa da pedra o cantar novo da Liberdade da Galiza.

Ramón Otero Pedrayo

Este número foi visado pol-a censura militar.

Na India

Os xornaes tránnos a nova de ter morto na cadea, aos 17 anos, despois de 60 días de practical-a folga da fame, en protesta do trato que na India dan os ingleses aos seus presos, o fillo do xefe dos nacionalistas indos Mahatma Gandhi.

A folga da fame, que fixo soado no mundo o nome do noso irman de raza Terencio Mac Sciney, lord-alcalde de Cork, é aínda unha forma da resistencia pasiva a da non violencia pedricadas pol-o seu pai. e das que a India está dando aomundo un eixemplo como nunca se viu. Proba plena de canto pode o sentimento da terra e da liberdade, e de como pode levar aos homes os mais ergueitos extremos de heroísmo.

O alcalde de Cork e o fillo de Gandhi son dúas vítimas ilustres do imperialismo inglés, o cal é aínda unha proba dos extremos de dureza e de crueldade a que pode chegar un pobo, cecais o mais admirábel do mundo, coma é n-outras cousas Inglaterra, cando se sinte poseído do afán de domeñar aos demais e de facer que lle valga a súa, con xusticia ou sin ela.

NOVAS DA CAUSA

En Noya ficou creada no pasado mes unha Irmandade galeguista que lanzou un manifesto, nomeou a súa directiva e celebrou varias conferencias. Conta con moitos s entusiastas atiliados.

Saudámola con agarimo e desexamos aos nosos irmáns moito entusiasmo e constancia na propagación dos ideaes galeguistas.



Traducimos do libro de Xulio Si-güenza, *Galicia cara y cruz*, o seguinte capiduo:

Casi sempre, con moi cativas excepcións, — Unamuno entre eles — téñenme magoado os xucios escritos encol de Galicia. Hai unha Galicia de cliché, eterna, inamovible, que autúa de patria. Ese degoiro unanimista de ollar na nosa terra unha ridente e venturosa Arcadia tumbada ao solé, para min, a maior patente de cegueira inteleutual. ¿Ouén, que vexa de certo, pode afirmar con xusticia que encol de Galicia céibase a ventura? ¿Quén, senón a cegueira, poido ter inventado esa psicoloxía do galego, que anda mundo adiante, como unha moeda de cuño gastado e vai pregoando a nosa humildade?

Nin Galicia é unha Arcadia feliz, nin o galego é un ser humilde. Galicia é terra de contrastes violentos e o galego é a negación de humildade. Cada fogar galego esconde unha traxedia e cada galego é un soberbio, un inconformista que vai ao conqurimento do mundo por inaxeitamento a meios de probeza e humildade.

Así é o galego en Galicia. Así é o que sae, espido de todo, ao conqurimento do mundo. Sabe que ca resiñación e humildade se non come e él vai disposto a se non deixar morrer de fame. Sal a loitar abertamente co'a vida; a encararse co desconocido e a domeñalo e

AOS NOSOS LEITORES

Tiñamos anunciado aos nosos lectores que axiña comenzaríamos a publicar quincenalmente este boletín. Decididos a elo iamos comenzal-o a facel-o dende este número mais o restabrecemento da Censura veu a truncar os nosos propósitos. As circunstancias aconsellan aprazal-o até que desaparezca dita causa.

Comenzamos si hoxe a saír con un novo formato que adoptamos para o sucesivo.

Propoñémonos, cando poida ser, chegar non somentes a saír quincenalmente senón tamén a recoller nas nosas páxinas colaboracións diversas pois arelamos que A NOSA TERRA refrese fidelmente o pensamento dos homes do nacionalismo galego integramente en cada unha das cousas que con Galicia teñan relación.

Desexando poder chegar axiña a realizar por enteiro o noso anxeio réstanos decir que as opinións que se expoñan nos artigos firmados son únicamente avaladas pol-as firmas dos autores xa que o criterio do boletín, ergo das Irmandades, somentes está refrexado nos traballos sin firma.

Aproveitamos esta ocasión para lembrar aos irmáns a que nes temos solicitado colaboración asidua non deixen de nol-a enviar.

forxar seu destiño a vontade. Será o que arela ou deixará de ser porque pertence a unha raza forte e porque esa foi a firmísima resolución que tomou ao saír da súa terra.

Leva nas costas o fardo d'unha cultura e d'unha tradición gloriosa onde négase toda humildade e axigantase toda improvisación. A súa terra non foi nunca de santos. Non ten dado santos porque non é humilde. Deu, en troques, guerreiros, nautas, obispos heresiari-

cas, homes inconformes, en fin, que se enfrentan co'a vida e morren ou domeáanse ao seu antoxo. Forxar a vida conforme a súa vontade é a ambición do galego.

E ninguén millor que os nosos poetas, nosos grandes poetas do século XIX, interpretando esta psicoloxía do galego. Eduardo Pondal describeo heroico. Manuel Curros Enriquez aprisoa a súa eterna rebeldía e inconformidade no canto que Rosalía de Castro derrama en-

col das almas o incontido poder lírico da súa raza aventureira. E con heroicidade, rebeldía e lirismo, ninguén, nin aínda o escultor mais fazañoso podería moldear a estauta d'un home humilde. En todo caso nin orgulo nin humildade; pero menos humildade que orgulo.

Gelmírez, impúsoxe a Roma. Impúsoxe porque ameazou. E non hai que esquecer que sómentes en Galicia ousaron oporse as Cortes á omnipotente vontade do César hespañol,

FINS DE ANO

POR A. MARTINEZ-DOVAL

O ano 29, no seu derradeiro mes, mes de Natal, no que fatalmente morren os os anos foran estes bós ou malos, caracterizouse por un canto continuo a grandeza e gloria da Hespaña; véxanse os xornaes d'aquela data e repárese na seizón d'inserción obrigatoria. Habiamos chegado o sumun de poderío.

Mais tod'aquelo pasou e pasou tamén o Natal do ano 30. ¿Millor o pior? Naturalmente que pior; si chegáramos xa o cume do noso poderío ren ten de particular que vaiamos esbarando cara o fondo.

Por moitas voltas que se lle dea, a eispricazón non é mais que unha doerosa e lamentabel, mais desgraciadamente certa. O pobo hespañol ten alma d'escravo.

A nosa pobreza d'esprito demóstrana infinidá de feitos. Ollemos en primer termo os xornaes, por sere estes o pulso dos pobos, e vexamos un dos que n'istes tempos pode falar dado o seu matiz politeco:

«El Debate». Na páxena primeira do número do 28 da Natal do derradeiro ano: Suscriceon pra G. c., 385.000 pesetas; idem pra todol-os leales, 142.000 pesetas; pro personal d'«El Debate», 7.700 pesetas; pra telefonista de Jaca, 4 240 pesetas; pr'os probes, 2.700 pe-

setas. Nada menos que cinco suscriciós de carauter nazonal.

A primeira consideración e a que mais aixiña nos fire, é qu'a suscriceón da G. c. alcance unha cifra 142 veces maior qu'a d'os probes; despois cando vamos pensando con deteñimento na primeira páxina do devandito xornal, preguntamos cal será o pôvir d'un pobo que tod-o espera da esmola dos demáis.

Comentarios? ¿Pra qué? Que coda un os faga según a súa conciencia llos dite, que vexa a quen se debe socorrer, si os que nas noites cruas d'inverno morren de fame e frío nos pechos das portas, ou a quen está ben pagado e non fixo outra cousa que cumprir co que un regramento lles ordeia. O primeiro é caridá, o segundo gardar as costas.

Tamén cabe perguntar o ver ista depauperación, quen son os culpabres, os d'abaixo que piden ou os de arriba que dan. O caso non é o mesmo; si o pobo mendiga non ten remedio, moralmente está morto; mais é moi difrente a súa situaceón si son os de arriba os que sobornan; contra isé delito de lesa humanidá, deben reaicionar todol-os cibdadans dignos.

Non quixera culpar a ninguén d'iste emobreceamento moral; mais é compretamente im-

posibel o falar d'iste tema sin que as causas non chouten a montós sobre do papel. O servilismo creóuno sempre a crás aristocráteca e fomentouno a cras meia. Espricaréime: o mesmo oxe qu'en tempos pasados o home tratou constantemente de superar os seus semellantes e a superiade d'un residia no vasallase que lle rendian os outros, i-esta sumisión soito se impuña por dous meos, pol-a forza e o diñeiro. A forza e audacia foi a que creou a aristocracea i-esta a que como secoenza ti vo o diñeiro. A un home que se distinguiu n'unha tazaña guerreira, todol-os reises o premiaron con tídos honoríficos e bés. E-iste, unha ves armado señor, impuxo o vasallaxe os demáis.

A crase meia e h'unha estupidéz que asusta; é a que mais precariamente vive; quer e non pode. Aspira a elevarse e pra elo non repara en meos, mendiga e arrástrase. E decir, humillase ante os d'arriba e a eles rinden vasallaxe. Mais e unha cras de tal mezquindá d'esprito que non soilo non se da conta da súa degradación, sinon que pol-o contrario, trata de imponela nos d'abaixo. Eisi vemos que todo o movemento reevendicador d'un pobo, é afogado por isa masa estulta é incolora que forma a crase meia.

17 DE NADAL DO 1843

Catrocentos e corenta e sete anos fixo xá que na praza de Mondoñedo foron aforcados o Mariscal Pardo de Ceta e o seu fillo.

Esa data sinala o comenzo da actual situación de Galicia. Data simbólica que determina a perda das nosas liberdades. Outro sería o porvir de Galicia si os acontecementos sucedidos n'aquel tempo tiveran outro remate que o que tiveron.

A forza e a tradición someteron a Galicia ao poder dos Reises Católicos e a través dos séculos foise acentuando aquel sometimento que nos trouxo á situación actual.

Non esquezamos esa data fatídica que tanto influíu no decurso da historia de Galicia.

FOLLAS NOVAS

GALICIA CARA E CRUZ, por Xulio Sigüenza.

O bon poeta gallego, do mais escolleito da nova lirica nosa. Xulio Sigüenza acaba de publicar en Montevideo, onde reside, un libro digno de merecidas gabanzas, «Galicia cara e cruz». Escrito en castelán pero un libro fundamente galego non somentes por seren aspectos da Galicia os que trata senon tamén pol-o xeito galeguísimo en que enfoca todos e cada ún.

Trátase d'un libro de ensaios, de estudos breves, encol de diversos matices da nosa vida e de algunhas das nosas figuras revelantes na arte, na literatura e na poesía. Comprende como capítulos xeneraes, en cada ún d'eles hai varios apartes, os seguintes: «Nueve apartados sobre Rosalia», «Para un estudio de Curros Enriquez», «Diez comentarios a Eduardo Pondal», «Nueve glosas sobre el Día de Galicia», «Glosario general» e «Ocho kodaks de la Coruña».

Xulio Sigüenza, a quen coñecemos como poeta e como galego, revela una vegada mais a súa crara e exaíta comprensión das realidades e das are-

las da vida de Galicia. Enfoca os diversos temas que, con brevedade pero concisión, analiza con ollos, pensamento e corazón de bon patriota. De verdadeiro galego que soupo afondar na entranza da terra, na significación que para nós teñen figuras como Rosalia, Pondal e Curros. Non pode haber nin a mais pequena discrepancia de fondo co'as ideas de Sigüenza. Moitas d'elas son reminiscencias, coincidencias co'as ideas xeneraes que os nacionalistas temos de Galicia e das nosas cousas. Ideas que aínda a xeneralidade do pobo galego non chegar a enxerguer plenamente xa que pesan moito n'el as influencias alleas produto de mais de catrocentos anos de dominación centralista e castelán.

Libros como o de Sigüenza fan moita falla. Este espallaráse pol-as Américas e temos seguridade de que fará laboura patriótica nos nosos paisanos emigrados. Libros de iniciación, de preparación de conciencia e de verdadeiro coñecemento do que é Galicia de cote falseada por mitos e ine-

xactitudes que o vulgo, inculto, repite estúpidamente.

Sigüenza dícenos novamente co'a publicación d'este libro que pensa fundamente na súa terra que leva chantada na súa longa pelengrinaxe pol-a emigración. Ao moito que na segredaría do Centro Gallego de Montevideo anda a traballar pol-a diñificación da súa terra e axudar á nosa cultura autóctona temos que engadir agora este libro de gran importancia e lumioso proveito como aínda non fai moito tivemos que agradecerlle «Cantigas e verbas o ar» o bón libro de versos que prestixia a nosa literatura actual.

Agradecemos a Sigüenza o exemplar que nos envía con querendosa e expresiva adicatoria e arelamos ollar logo unha nova produción súa que tanto axudan ao erguemento da personalidade de Galicia.

O ano derradeiro en Betanzos

Natural é que ao final-o ano se faga balance da actuación durante o mesmo, os ideas non poden suxerirse a unha memoria d'este senso, mais os traballos por eles encamiñados si que se poden concretar n-un libro de contabilidade, i-éu n-estas poucas liñas aporto o meu

grau d'area decindo algo do que pasou no meu povo.

O derradeiro ano do galeguismo betanceiro non comenzo no pasado mes de Xaneiro, comenzo como eu todol-os povos da España no mes de Xaneiro do ano 1923, que de súpeto ficou en suspenso antes de rematar o mes de San Martiño d'aquel ano. A toque de corneta vímonos amenazados por un bando que nos incluía en delito na lei de xurisdiccións a todol-os que fixeramos algunha manifestación de agarimo pol-a nosa terra... non dependía mais que da interpretación que lle quixera dar o gobernador ou seu delegado para nos levar a cadeía.

Tíñamos por aquela fecha un xornal nazonalista: Rexurdamento, que era orgao da Irmandade Nazonalista Galega e imprimíabamolo un fado de rapaces que contabamos con axuda dos intelectuaes e mais destacados galeguistas, cuxos artigos era todo miolo da mais vital riqueza. Aos poucos días do golpe de estado

chamoume o alcalde de Betanzos, quen por certo era un médico que viñera facía poucos anos d'un povo d'outra provincia e tomou a este povo e seus habitantes por cousa distinta que lle merece; obrigoume a darlle o meu nome para me facer responsable do que oubera; pero como eso non era todo fón necesario ademais que se nos prohibira a publicación d'ese xornal hasta nova orden, así como toda manifestación de galeguismo: O local social da Irmandade tivo que pechal-as suas portas porque a tristura do noso corazón chegón o cúme cando tivo que baixar a bandeira azul e branca que lucía no balcón, e nin siquera pódose votar sobre o fétetro d'un irmán que nos deixaba a ialma chea de saudade.

Xa pasaron desde entón sete anos que lingos fóron, e que longos se fán estes tempos!

Sólo para o ilustre galego Bugallal non pasou nada; pero deixemos ésto.

Caída a dictadura trouxo o Sr Berenguer procederes moderadores e xa poidemos no mes de Abril facer unha xuntanza, que aínda baixo a fiscalización da autoridá foi exendrada de novas luces.

Xa volvemos o contar con homes que non queren arredar a Betanzos da terra nai que lle otorgou o orgullo de ostentar no seu o escudo unha cruz... a cruz da redención.

Xa podemos adornar os balcóns das nosas casas coa bandeira azul e branca... e xa podemos morrer tranquilos porque os nosos corpos pódense amortaxar co noso embrema mentras as nosas almas sigan pedindo a Deus e a os homes vida nova; e Deus queira que rematen de todo estos anos que nos obrigan a recitar aquel cantar castelán, que dice: «Bejarana no me llores, y ya vendrán tiempos mejores en que cuides la becerra».

LUIS CORTIÑAS

AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos camas de
todol-os três.

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un año 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Zincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muíños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito Ptas, 17.000.000

Id. desembolsado » 11.000.000

Fondo de Reserva. » 4.500.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Ponteareas, Chantada e Freixe.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA

Manuel Villuendas

Valdoncel, 46

Dado o inmenso surtido en tipos, orlas e maquinaria moderna con que contan estes talleres, pode executar os traballos mais artisticos e delicados en breve tempo e a prezos moi económicos.

BETANZOS

Talleres Gráficos

SELLOS DE CAUCHO
da fábrica de
Farinetti de Valencia

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña.

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraterizacions para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA